

Obxectivos:

Esta xornada permitirá aos asistentes ter os coñecementos xurídicos esenciais sobre marcas de garantía. Estas marcas non indican a orixe empresarial dun produto, senón que garanten uns determinados estándares de calidade ou características do produto. En atención a que a reforma do Regulamento sobre a Marca da Unión Europea de 2009, recoñeceu as Marcas de Certificación da Unión, calquera asociación ten a posibilidade de rexistrar unha marca de certificación con efectos nos vinte e oito países que forman a Unión Europea.

Polo demais, a xornada tamén proporcionará un maior coñecemento da regulación das denominacións de orixe no marco de toda a Unión Europea.

Finalmente, a xornada analizará cales son as accións que protexen aos titulares de marca de garantía e aos organismos titulares de denominacións de orixe, para perseguir as infraccións das mesmas. Así, se poñen os remedios xurídicos necesarios para evitar os prexuízos que estas infraccións causan aos citados titulares e aos consumidores.

Destinatarios:

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 69, do 12 de abril de 2016.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
R/ Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239/ 981 546 241.

Correo: novas.egap@xunta.es

Web: <http://egap.xunta.es>

Dirección académica: Carlos Lema Devesa, catedrático da Universidade Complutense de Madrid. Avogado.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

EGAP

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

XORNADA

MARCAS DE GARANTÍA E DENOMINACIÓNS DE ORIXE

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2016



PROGRAMA

Luns, 2 de maio de 2016

Mañá

10:00 h. Inauguración.

Carlos Lema Devesa, catedrático de Dereito Mercantil da UCM. Avogado.

Alfonso Cabaleiro Durán, xerente de Galicia Calidade.

Sonia Rodríguez-Campos, directora da EGAP.

10:30 h. O concepto de marca: diferencias coa denominación de orixe.

José Antonio Gómez Segade, catedrático de Dereito Mercantil, Universidade de Santiago de Compostela.

11:30 h. A actividade da OMPI en materia de marcas de garantía e denominacións de orixe.

María Paola Rizo, directora da Sección de Dereito de Deseño Industrial e Indicacións Xeográficas, OMPI (Xenebra).

12:30 h. Descanso.

12:45 h. A marca de certificación da Unión.

Carlos Lema Devesa, catedrático de Dereito Mercantil da UCM. Avogado.

13:30 h. A marca de garantía en España.

Julio Costas Comesaña, catedrático de Dereito Mercantil, Universidade de Vigo.

14:30 h. Descanso para xantar.

Tarde

17:00 h. A marca de garantía. *Galicia Calidade*.


Javier de Miguel González, director técnico da sociedade *Galicia Calidade*.

17:45 h. A regulación das denominacións de orixe da UE.

Manuel Botana Agra, catedrático de Dereito Mercantil, Universidade de Santiago de Compostela.

18:30 h. A protección xurídica das marcas de garantía e das denominacións de orixe.

Miguel Ángel Cadenas Sobreira, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola.